

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **15 de marzo de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Doval Soto DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. Vicente Gómez García D. Adolfo González Nóvoa D. José Ignacio Gómez Pérez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 15 de marzo de 2018 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de don Manuel Doval Soto e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
--	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de febreiro de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á ADQUISICIÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO BAILO POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da moción, que xa no seu día se levou ao Concello de Ourense, pero que ante a falta de decisión do alcalde (xa que desde a Alcaldía se dixo que era necesario pedir unha serie de informes ao respecto) se trae agora á Deputación, por se esta administración pode tomar en consideración esta proposta.

O **presidente da comisión** di que hai argumentos políticos que xustifican o voto en contra do seu grupo, sen necesidade de entrar a valorar outras cuestións respecto das cales esta proposta suscita algunhas dúbidas. Di que tal e como reflicte o texto da moción, o alcalde de Ourense fai referencia á necesidade dunha serie de informes, que entende preceptivos e sería polo tanto unha inxerencia indebida da Deputación nun asunto municipal, o apoiar esta moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, cre que en todo caso a institución provincial podería falar co alcalde para coñecer que decisión van adoptar respecto da proposta da compra.

Non se producen máis intervencións e a comisión non ditamina favorablemente a moción ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1), o voto en contra do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1).

3º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR DE APOIO AO MANIFESTO EN DEFENSA DO CENTRO GALEGO DE BOS AIRES.-

O **presidente da comisión** expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- A Deputación Provincial de Ourense expresa o seu apoio ao manifesto pola defensa e provir do Centro Galego de Bos Aires.

2º.- Darlles conta do acordo adoptado pola Corporación Provincial á Xunta de Galicia, ao Parlamento Galego e ao Ministerio de Asuntos Exteriores español.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, ás 18.08 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.